



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 375

IX lexislatura

19 de novembro de 2014

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 18 de novembro de 2014, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao Proxecto de lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (09/PL-000022). [86236](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de novembro de 2014, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia [86236](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 18 de novembro de 2014, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao Proxecto de lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (09/PL-000022).

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 30222, o escrito do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao Proxecto de lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (09/PL-000022).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 22 de novembro de 2014–, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de novembro de 2012, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 16, do 14 de decembro de 2012), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 30222, presentado polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

2º. Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ata o día 2 de decembro de 2014, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces na vindeira reunión destas que teñan lugar.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de novembro de 2014, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 18 de novembro de 2014, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de oito bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación práctica nas materias de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións e informática.

BASES

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes oito bolsas individuais para contribuír á formación práctica de xente licenciada universitaria:

- a) 4 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- b) 1 bolsa de formación en comunicación institucional.
- c) 2 bolsas de formación en publicacións.
- d) 1 bolsa de formación en informática.

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables. Serán tamén incompatibles con calquera outra bolsa concedida para o mesmo período e con calquera actividade laboral ou remunerada.

2. A concesión e o gozo da bolsa non supoñerán vinculación civil, laboral ou funcional entre a persoa bolsista e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.

3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira. *Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio, que se producirá logo de transcorrido o prazo previsto nestas bases para os efectos do previsto no punto 1 da base novena e no punto 2.b) da base décima, comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á notificación de concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 € (doce mil euros) brutos, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 € (mil euros) e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolsista das obrigas a que se refiren os puntos 2.c), 2.d), 2.e) e 2.f) da base décima.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) Bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.

3) Bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou licenciatura en Filoloxía Galega.

4) Bolsa de informática: grao ou licenciatura ou diplomatura universitaria en Informática.

As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2008-2009 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

c) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

d) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia.

Quinta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da internet: www.parlamentodegalicia.es, e no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de 9.30 a 14.00 e de 16.30 a 18.30 de luns a venres, e de 10.00 a 13.00 os sábados.

Presentaranse no Rexistro da Cámara ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de que non se presenten no Rexistro da Cámara, deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación ao fax do Parlamento de Galicia número: 981551409 ou via email (direccion.rhri@parlamentodegalicia.es), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo V.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia. O anuncio da convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Ás solicitudes deberase achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.

b) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

c) Certificación ou fotocopia compulsada do expediente académico persoal no que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10).

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Relación dos méritos académicos e profesionais que o solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo II.

e) Certificados ou fotocopias compulsadas ou, no seu defecto, a xustificación documental fidedigna de méritos e actividades alegados na alínea anterior. Esta documentación deberase presentar ordenada segundo o esquema de epígrafes do modelo utilizado na alínea anterior, debidamente paxinada e acompañada dun índice.

Sexta. *Instrución*

1. A Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia resolverá e publicará na páxina web da Cámara (www.parlamentodegalicia.es) a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas con indicación da causa de exclusión.

3. De se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de cinco días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirante admitidos e excluídos, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderase implícita na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta listaxe publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia.
(www.parlamentodegalicia.es).

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

Sétima. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte: Presidenta/presidente: a presidenta do Parlamento de Galicia ou o vicepresidente en quen delegue.

Vogais:

— O secretario da Mesa do Parlamento de Galicia.

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

— O letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que se designe.

Secretaria/secretario: o director de Recursos Humanos e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Oitava. *Procedemento de selección e criterios de valoración*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que a continuación se determinan.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

- a) Expediente académico.
- b) Formación académica adicional.
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación.
- d) Coñecementos de idiomas.

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.2. Bolsa de comunicación institucional:

- a) Expediente académico.
- b) Formación académica adicional.
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación.
- d) Coñecementos de idiomas.

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

- a) Expediente académico.

b) Formación académica adicional.

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución.

d) Coñecementos de idiomas.

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de informática:

- a) Expediente académico.
- b) Formación académica adicional.
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente nos seguintes ámbitos:

- Asistentes virtuais.
- Desenvolvemento en webs 2.0 (wikis, foros, RSS, redes sociais).
- Plataformas de formación virtuais (moodle).
- Desenvolvemento en .Net, Java.
- Coñecementos de bases de datos (SQL, Oracle, Oracle forms).
- Coñecementos avanzados de ofimática (Sharepoint.)

d) Coñecementos de idiomas.

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

3. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará unha lista coa puntuación dos candidatos ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e determinará na proposta que lle elevará á Mesa do Parlamento as persoas que resulten beneficiarias e as listas de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha delas.

4. Á vista da proposta da comisión de avaliación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación nominal dos beneficiarios e dos suplentes, se os houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publi-

cación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das notificacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias.

Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.

5. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

6. Resolto o procedemento sen que se adxudicasen todas as bolsas, a Mesa do Parlamento de Galicia poderá abrir un novo prazo para este efecto mediante a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Novena. *Aceptación ou renuncia*

1. Logo de recibiren a notificación do acordo da concesión da bolsa as persoas beneficiarias deberán comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de dez días hábiles. Transcorrido o devandito prazo, se as persoas beneficiarias non se declaran en ningún sentido, entenderase que renuncian a ela.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establececese na notificación da concesión da bolsa. De as persoas adxudicatarias non se incorporaren nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía

Mayor, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía aínda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

3. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo IV.

A Administración Parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva.

Décima. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles desde a notificación do acordo de concesión, certificación acreditativa de que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida a realización das tarefas que implique a aceptación da bolsa.

c) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.

d) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria ou doutro organismo situado en Santiago de Compostela co que poida ter efectuado un convenio o Parlamento de Galicia en cuxo obxecto poida encaixarse a formación práctica deste persoal bolseiro, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta (30) horas.

e) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puidese coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fíxesen públicos.

f) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

g) No caso de non execución do obxecto da bolsa, devolverlle ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

Para tal fin, asinará unha declaración xurada no momento de solicitar a bolsa conforme o modelo que se indica no anexo III.

Décimo primeira. *Propiedade dos traballos*

Os traballos realizados serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

Décimo segunda. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa no suposto de que a persoa bolseira non realizase o traballo para a súa formación práctica en condicións satisfactorias, cando se deixasen de reunir os requisitos que se esixiron para a súa concesión ou cando se incumprisen, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Decimo terceira. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidenta do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2014

Pilar Rojo Nogueira
Presidenta

Anexo I

MODELO DE INSTANCIA

DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	
Nome	DNI/NIF	Data de nacemento
Domicilio Núm. Piso		
Localidade Provincia C.P.		
Teléfono Teléfono móbil		
Correo electrónico		

DOCUMENTOS QUE ACHEGA

- DNI
- Acreditación de coñecemento de lingua galega
- Certificación do expediente académico
- Certificados ou documentación acreditativa dos méritos alegados
- Relación de méritos

Expón que desexa obter unha das bolsas para a formación práctica de
do Parlamento de Galicia, para o cal fai constar que acepta as bases da convocatoria e que
cumpre cos seus requisitos.

, de de 2014

(Sinatura da/do solicitante)

EXCMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Anexo II

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos:

Nome:

1. Titulación universitaria requirida:

Graduada/o ou licenciada/o ou diplomada/o:

Universidade de:

Data de iniciación dos estudos da licenciatura ou diplomatura:

Data de obtención da licenciatura ou diplomatura:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

.....

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das exixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4. Outros estudos e experiencias, nos ámbitos requiridos.

4.1. Cursos nos ámbitos requiridos:

Cursos	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4.2. Experiencias nos ámbitos requiridos:

Prácticas e experiencia	Institución, centro, empresa	Duración (meses)	Nº de páxina do expediente documental

5. Coñecementos de idiomas

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A/O abaixo asinante declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmete na documentación que se achega á solicitude.

, de de 2014

Sinatura

O Parlamento de Galicia publicará na súa páxina web oficial as distintas fases de tramitación do procedemento de concesión de bolsas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/das beneficiarios/as e da súa publicación nesta páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Os/as solicitantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décima.g) da convocatoria para a concesión de bolsas formativas de, a persoa beneficiaria declara que, no caso de non execución do obxecto da bolsa, se compromete a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

_____, ____ de _____ do 2014

(Sinatura da persoa beneficiaria)

Anexo IV

MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

Manifesta, en cumprimento co establecido na base novena da convocatoria para a concesión de bolsas de formación en....., a súa vontade de renunciar á percepción da bolsa que lle foi outorgada polo Parlamento de Galicia, a partir do, motivada nas seguintes razóns:

O que comunica para os efectos oportunos, e asina esta renuncia en _____,
o ___ de _____ de 2014

(Sinatura da persoa interesada)

ANEXO V

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

D./D^a, con DNI/NIF núm.,
endereço, C.P., localidade
....., provincia, teléfono fixo,
teléfono móbil, correo electrónico

Manifesta que presentou solicitude para a obtención dunha bolsa para a formación práctica
de, do Parlamento de Galicia, con data
.....

..... de de 2014

(Sinatura da persoa interesada)

(Cómpre especificar o medio utilizado dos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,
de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.)
Enviar via fax 981551409; correo electrónico: direccion.rrhh_ri@parlamentodegalicia.es



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727